



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar

Materia	A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar			
Código	002M066V06107			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Ricoy Lorenzo, María Carmen			
Profesorado	Ricoy Lorenzo, María Carmen			
Correo-e	cricoy@uvigo.es			
Web	http://http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es			
Descrición xeral	El desarrollo de competencias y contenidos a través de esta materia tienen principalmente la finalidad de posibilitar la mejora de la calidad del asesoramiento prestado por el orientador/a al alumnado de secundaria y su apoyo al profesorado de las distintas disciplinas curriculares. Todo ello, con el objeto de optimizar la atención persoaliza y grupal al alumnado y de promover la innovación didáctica y los procesos de indagación y análisis sistemático que incentiven la renovación pedagógica en los centros.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
C7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
C12	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
C13	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.

C14	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Planificar, desenvolver e avaliar procesos de orientación educativa, tanto individualmente como en colaboración con outros compañeiros-as.	B3 B12 B16 C7 D1 D3
Ser capaz de avaliar, indagar e de promover a innovación relativa o departamento de orientación e difundilas na comunidade educativa e entre outros profesionais da educación.	B12 C7 C9 D1 D3
Ser capaz de traballar en equipo implicándose en cuestións relativas a orientación educativa.	B16 C14 D3
Ser capaz de identificar, analizar e deseñar boas prácticas de orientación.	B3 B12 C14 D1 D2
Identificar situacións problemáticas relativas ó proceso de aprendizaxe do alumnado e de propoñer alternativas ou solucións.	B3 B4 C13 D2 D3
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas de investigación e avaliación en procesos de orientación educativa e familiar.	B12 C12 D1
Ser capaz de utilizar bibliografía e ferramentas dixitais para a procura e almacenamento de recursos bibliográficos, de diagnóstico e estratexías didácticas.	B17 C7 D1 D2

Contidos

Tema	
Innovación educativa e desenvolvemento profesional.	- Marco teórico, profesional e legal da innovación educativa - Pautas para a elaboración dos proxectos de innovación educativa - O rol do orientador Na análise das prácticas educativas Na formación continua do profesorado No liderazgo educativo - Coñecemento de innovacións relevantes e actuais no ámbito da orientación
A investigación educativa	- Modalidades principais da investigación educativa. - A investigación-acción como instrumento de formación continua e desenvolvemento profesional do docente - Deseño de proxectos de investigación - Instrumentos de recollida de datos e avaliación: tipos e características técnicas. - Técnicas de análise en investigación e avaliación educativa. - Coñecemento de investigacións relevantes no ámbito da orientación

As TICs como instrumento de apoio á orientación, - As TIC e o desenvolvemento da investigación educativa para orientar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- O uso de bases de datos como apoio á investigación e á innovación educativa.
- Como citar e elaborar as referencias bibliográficas dos documentos científicos de tipo educativo, lexislación, informes, etc. en soporte impreso e electrónico.
- Ferramentas Web para a comunicación a colaboración e/ou o traballo en equipo.
- Aplicacións telemáticas e recursos web para a orientación.
- Coñecemento de portais de orientación europeos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	25	33
Resolución de problemas de forma autónoma	9	20	29
Prácticas con apoio das TIC	10	40	50
Aprendizaxe colaborativa	3	10	13
Cartafol/dossier	0	25	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se resolverán diferentes situacións problemáticas relacionadas coa materia. O alumno/a aplicará procedementos para a transformación e interpretación da información. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas con recursos dixitais.
Aprendizaxe colaborativa	Para o traballo a realizar partírase, no posible, da organización en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballe de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa aprendizaxe.
Cartafol/dossier	Recopilación sobre o traballo realizado pola/o estudante coa finalidade de amosar o seu progreso e logros. O cartafol debe incluír a actividade principal desenvolta polo alumno/a, coas evidencias, a análise e a autorreflexión pertinente.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Atención personalizada ao alumnado a través de: asesoramento de modo presencial na aula; a través do teléfono; vía correo electrónico; Teleformación coa plataforma Faitic; etc.
Aprendizaxe colaborativa	Propiciarase unha organización do traballo en pequenos grupos, no posible, mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballe de forma coordinada para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa aprendizaxe. Para elo, motívarase ou apoíarase ao alumnado para combinar e alternar nas diversas prácticas o emprego de estratexias colaborativas, entre outras.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración relativa a participación activa nas tarefas realizadas na aula e ao nivel acadado. Ata 2,5 puntos sobre 10.	25	B4	C7	D1	
			B12	C12	D2	
				C13		
				C14		
Prácticas con apoio das TIC	Valoración de deseños, de técnicas e recursos confeccionados. Ata 4 punto sobre 10.	40	B12	C9	D1	
					D2	
					D3	
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado desenvolverá en grupo diferentes exercicios, prácticas, problemáticas ou estudos de caso para aprofundar ou ampliar os contidos teórico-prácticos da materia. Para a calificación terase en conta a fundamentación na que se apoia o desenvolvemento, a capacidade crítica, emprego de estratexias colaborativas e a proxección práctica amosada desde o oportuno razoamento. Ata 1,5 puntos sobre 10.	15	B4	C7	D1	
			B16	C9	D2	
					D3	

Cartafol/dossier	Valoración da organización de evidencias e da realización dun informe escrito que poña de manifesto a actividade desenvolta. Ata 2 puntos sobre 10.	20	B3 B4 B17	C7	D2
------------------	---	----	-----------------	----	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

OBSERVACIÓNS

O estudantado que non supere a materia por avaliación continua deber realizar un exame escrito que recolla os contidos fundamentais da materia, cunha valoración de ata 7 puntos (sendo necesario acadar un mínimo de 3,5 pto para computalos cos obtido no traballo). Terá que levar a cabo un traballo que concretará e orientará a profesora, cunha valoración de ata 3 puntos (sendo necesario acadar un mínimo de 1,5 pto para computalos cos obtido no exame). Polo tanto, para superar a materia na avaliación final é obrigatorio ter presentado, tanto o traballo, coma acudir ao exame nas datas sinaladas para cada parte e obter, alomenos, a mínima puntuación anteriormente sinalada. A data do exame será a oficial e a da entrega do traballo unha semana antes da anterior e anunciarase na plataforma de teledocencia empregada. De non acadar a mínima puntuación na parte teórica ou práctica ou nalgunha delas na Acta académica figurará a cualificación resultante da súa media aritmética.

Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou na plataforma de teledocencia empregada na materia e é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua ou final.

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de exame, as orientacións para a realización do traballo, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que o precise, ao non poder superar a materia por avaliación contiua.

Na web do mestrado poden consultarse as datas do exame oficial, lugares, horas, etc: <http://mpe.uvigo.es/gl/>

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

OUTRAS OBSERVACIÓNS:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez Justel, J. & Álvarez González, M., **Tutoría y orientación en secundaria: Recursos para la intervención**, Pirámide, 2022

Dawn, M., **Métodos visuales, narrativos y creativos en investigación cualitativa**, Narcea, 2017

Pérez-Fuentes, M. C., **Innovación docente e investigación en educación y Ciencias Sociales.**, Dykinson, 2019

Ricoy, M.C., **La construcción de los instrumentos de recogida de información en la investigación educativa**, 14, 29-46, Guadalbullón, 2009

Velaz-de-Medrano, C. et al., **Cobertura de necesidades de orientación y tutoría en la Educación Obligatoria: estudio en nueve comunidades autónoma**, Nº extr., 138-173, Revista de Educación, 2012

Bibliografía Complementaria

Amber, D. & Martos, M. A., **Ámbitos y funciones de los orientadores para la mejora educativa en secundaria en con textos retantes. Una mirada cruzada entre orientadores y directivos**, 21(4), 419-437, Profesorado, 2017

Cobos Cedillo, A., **Manual de Orientación Educativa. Teoría y práctica de la Psicopedagogía**, 2022

Hernández-Rivero, V. & Mederos-Santana, Y., **Papel del orientador/a educativo como asesor/a: funciones y estrategias de apoyo.**, 29(1), 40-57, REOP, 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación/O02M066V06253

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular/O02M066V06106

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/O02M066V06102

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/O02M066V06103

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
